


O Grupo Municipal Popular ao abeiro do previsto no artigo 91.4 do R.D2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón que se someta ao vindeiro Pleno do Concello, sendo incluído na Orde do día a seguinte moción:

	CONCELLO DE XINZO DE LIMIA
DATA:	13 FEB. 2017
ENTRADA:	758
SAIDA:	

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2015 detectouse por primeira vez a presenza da polilla guatemalteca “conza” que afecta ao cultivo da pataca nos concellos de Neda, Ferrol e Narón.

A conza “tecia solanivora” na actualidade afecta a 31 concellos no norte de A Coruña e Lugo, o que supón un perigo se non se toman medidas de control para evitar a súa propagación.

Cómpre ter en conta que o pilar fundamental da produción agraria na comarca da Limia é o cultivo da pataca que produce o 90% da acollida na Indicación Xeográfica Protexida (I-X-P) do total de Galicia. Sendo o total da colleita coas outras variedades máis de 100.000 Toneladas.

Tendo en conta o descoñecemento dos profesionais da nosa comarca e a inseguridade que supón no sector é polo que se somete á consideración do pleno para o seu debate e aprobación do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno da Xunta de Galicia para que de modo urxente tome medidas necesarias para o control da plaga da polilla guatemalteca para evitar que a Comarca da Limia sexa afectada no cultivo da pataca do moso agro.

Xinzo de Limia a 13 de febreiro de 2017

